



ELECCIÓN A CORTES XERAIS 2019

XUNTA ELECTORAL DE ZONA DE MONDOÑEDO

Anuncio

D^a CARMEN DOSUNA NIETO, Secretaria de la Junta Electoral de Zona de Mondoñedo (Lugo),

CERTIFICO:

Que la Junta Electoral de Zona de Mondoñedo para las Elecciones Generales, convocadas por Real Decreto 129/2019, de 4 de marzo, en junta celebrada en este día aceptando la renuncia de D^a Elena Menendez Valdes, Secretaria de esta JEZ y la designación de D^a Carmen Dosuna Nieto, LAJ del Juzgado de 1^a Instancia e Instrucción nº 2 de Mondoñedo, quedó constituida en el día de la fecha de la siguiente forma:

PRESIDENTA: D. ANA MARIA BANDE RAMUDO, Magistrada del Juzgado de Primera Instancia e Instrucción nº 2 de Mondoñedo.

VOCALES JUDICIALES:

- D^a CRISTINA DIAZ RODRIGUEZ, Magistrada del Juzgado de Primera Instancia e Instrucción nº 1 de Mondoñedo (Lugo).
- D. PABLO MUÑOZ VAZQUEZ, Magistrado del Juzgado de Primera Instancia e Instrucción nº 1 de Viveiro.

SECRETARIA: D^a CARMEN DOSUNA NIETO, Letrada de la Administración de Justicia del Juzgado de 1^a Instancia e Instrucción nº 2 de Mondoñedo.

Y para que conste y su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia, de conformidad con lo dispuesto en el art. 14.3º de la LOREG, expido y firmo la presente, en Mondoñedo (Lugo), a 12 de marzo de 2019.

LA SECRETARIA DE LA JEZ. Fdo.: Carmen Dosuna Nieto.

R. 0709

CONCELLOS

BURELA

Anuncio

Por Decreto da Alcaldía nº 2019-0197 de data 08/03/2019 apróbase a convocatoria e as bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación como persoal laboral temporal dun/dunha Axente TIC para o CeMIT do Concello de Burela:

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN/DUNHA AXENTE TIC PARA O CENTRO PARA A MODERNIZACIÓN E INCLUSIÓN TECNOLÓXICA-CEMIT DO CONCELLO DE BURELA (LUGO).-

1.-OBJECTO DA CONVOCATORIA.

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección dun/dunha Axente TIC para o CeMIT (Centro para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica) do Concello de Burela.

Funcións do Axente TIC:

- Promoción do uso das TIC na poboación, es especial naqueles colectivos onde a fenda dixital se fai máis evidente, programando actividades e estratexias de dinamización adaptadas aos colectivos.
- Dinamizar as PEMES e microPEMEs amosándolles as vantaxes da SI.
- Planificación, impartición, difusión e publicidade das actividades de formación e dinamización na zona de actuación: obradoiros, charlas, xornadas, iniciativas.

- Xestión da aula: atención a usuarios/as, mantemento do equipamento, xestión da documentación.
- Coidar do cumprimento por parte dos usuarios/as das normas de funcionamento, acceso, horario e optimización do uso e ocupación dos recursos do centro.
- Aportación de datos de seguimento e avaliación das actividades.
- Atención de forma personalizada aos usuarios/as, realizando o apoio e seguimento da súa aprendizaxe, para que vexan o acceso ás TICs como algo doado, ameno e que á vez lles resulte proveitoso na súa vida diaria.
- Seguimento e cumprimento dos obxectivos e procedementos da nova Rede CeMIT.
- Ser enlace entre o Centro e a cidadanía (persoas e asociacións cidadás) do municipio, e responsable de conseguir a inclusión e participación na Sociedade da Información da cidadanía.
- Colaboración na aportación de novas ideas que contribúan á mellora do funcionamento, desenvolvemento e impacto no seu concello da nova Rede CeMIT.
- Tratar de acadar que o CeMIT sexa un punto de referencia na vida sociocultural do Concello
- Estender o coñecemento e uso pola cidadanía dos servizos públicos dixitais das Administracións Públicas Galegas.

Todo isto conforme o disposto na Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei 2/2015 de emprego público de Galicia e demais normas concordantes de aplicación.

As bases íntegras publicaranse no BOP de Lugo, na sede electrónica (<https://burela.sedelectronica.es>) e no taboleiro de anuncios do Concello e estarán a disposición dos /das interesados no Rexistro Xeral do Concello.

2.- DURACIÓN E TIPO DE CONTRATO.

A natureza do contrato será laboral temporal na modalidade de contrato de duración determinada por obra ou servizo a tempo completo e a súa duración estenderase dende o 15 de maio ata o 30 de novembro de 2019.

O horario de traballo establecerase en función das necesidades do servizo.

O/a aspirante seleccionado/a e contratado/a percibirá as retribucións establecidas no Convenio colectivo aplicable ao persoal laboral do Concello de Burela co seguinte desglose bruto mensual: salario grupo A2 salario 1017,79 €; complemento de destino (nivel 18) 419,02 €; complemento específico: 67,20 €; parte proporcional de paga extra 204,75 €).

3.- REQUISITOS DE ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Para ser admitidos/as á realización destas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado co alcance que se sinala no artigo 57 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión do título de enxeñeiro técnico ou grao de calquera especialidade de Informática ou título equivalente ou superior na citada especialidade, ou ben estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias.

No caso de alegar equivalencias de títulos achegarase o certificado ao efecto da Consellería de Educación ou organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán ter o documento que acredite fideignamente a súa homologación.

d) Estar en posesión do documento que acredite ter superado o Celga 4 ou curso de perfeccionamento de galego ou títulos expedidos pola Escola Oficial de Idiomas.

e) Acreditar a capacidade funcional para o desempeño das funcións propias do posto. En consecuencia non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións do cargo.

f) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

g) Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

Tódolos requisitos citados deberán reunirse con referencia ó derradeiro día do prazo de presentación de instancias, debendo continuar en posesión dos mesmos durante todo o proceso selectivo.

4.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

Os/as interesados/as dirixirán as solicitudes ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Burela e presentaranas no Rexistro Xeral da citada entidade ou nos lugares que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de 7 días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no BOP de Lugo . Si o último día do prazo é inhábil, trasladarase ó primeiro día hábil seguinte.

Cando se presenten en correos, deberá entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo empregado de correos.

Dado o carácter urxente da convocatoria, os/as aspirantes que presentasen a instancia en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, deberán remitir por fax ao Concello copia selada da instancia dentro do prazo de 7 días naturais sinalado anteriormente (nº de fax: 982 58 59 45).

O impreso de instancia axustarase ao modelo oficial que se facilitará no Rexistro xeral do Concello, publicándose así mesmo na sede electrónica (<http://burela.sedelectronica.es>).

5.-DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR NECESARIAMENTE Á SOLICITUDE.

Os/as aspirantes farán constar na instancia que reúnen tódolos requisitos sinalados na Base 3ª e achegarán inescusablemente os seguintes documentos:

- A) Fotocopia do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de estranxeiros.
- B) Fotocopia do título académico esixido e do documento acreditativo do coñecemento da lingua galega .
- C) Documentación acreditativa dos méritos alegados.

Deberase acompañar á solicitude as xustificacións documentais debidamente compulsadas dos méritos que desexen alegar en relación coa praza que se convoca.

Non se valorarán os méritos que non estean acreditados documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal, non estean suficientemente acreditados.

A non acreditación dos méritos alegados determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fora do prazo de presentación de instancias xa que non poderá subsanarse. Tampouco se requirirá aos/ás interesados/as para que os acrediten.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

6.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución aprobando a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as (neste caso con indicación das causas que dean lugar á exclusión), que se fará pública na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello, exclusivamente.

Ademais, en dita resolución fixaranse os titulares e os suplentes que conformarán o Tribunal Cualificador.

Concederase un prazo improrrogable de dous días hábiles para reclamacións á lista provisional e emenda de defectos, a contar dende o seguinte ao da súa publicación na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello. Para os efectos de axilizar o procedemento, de non presentarse reclamacións dentro do prazo establecido a resolución de admitidos/as e excluídos/as poderase entender elevada a definitiva.

As reclamacións sobre as exclusións provisionais serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva, que se fará pública da mesma maneira que a provisional.

O prazo de emenda non é de aplicación respecto dos méritos alegados pero non aportados. Os erros de feito poderanse emendar en calquera momento, de oficio ou por pedimento dos interesados, de acordo co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015.

O feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ós/ás interesados/as a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificadas documentalmente como paso previo á contratación que corresponda. Cando da documentación que debe presentarse logo de ter superado o procedemento de selección se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en tódolos dereitos que se puidesen derivar da súa participación.

7.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

O Tribunal cualificador estará composto por un/unha presidente/a e catro vocais, empregados públicos entre os/as que non se incluírán persoal de elección ou de designación política, nin funcionarios/as interinos/as ou persoal temporal ou eventual.

Actuará como Secretario o da Corporación ou empregado público en quen delegue, con voz e sen voto.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, no podendo ostentarse esta en representación o por conta de ningún.

Os membros do Tribunal deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requirise un nivel igual ou superior de titulación ao esixido para participar neste proceso selectivo.

A Resolución pola que se aprobe a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos coa designación dos membros do Tribunal que incluírá os seus respectivos suplentes, farase pública na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello a efectos de recusación.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros, xa sexan titulares ou suplentes, e en todo caso requírese a asistencia do Presidente e do Secretario ou dos seus suplentes.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir notificándoo ao Sr. Alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Presidente poderá requirir aos membros do mesmo declaración expresa de non atoparse incursos en causa de abstención. Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran as circunstancias previstas no parágrafo anterior.

Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do cumprimento das bases da convocatoria e da suxeición aos prazos establecidos para a realización e valoración das probas e para a publicación dos seus resultados.

8.- SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO DE MÉRITOS.

Consistirá na valoración dos méritos aportados e debidamente xustificados polos/as aspirantes.

8.1.- EXPERIENCIA PROFESIONAL. Máximo 4 puntos.

- Servizos prestados na Administración Pública, realizando funcións en aulas de informática, proxectos de implantación das TIC con impacto na cidadanía, desenvolvemento de proxectos de inclusión na Sociedade da información, organización, xestión e impartición de actividades formativas, obradoiros e charlas, á cidadanía e colectivos de temática xeral e no uso das TICs en particular: 0,20 puntos por mes de servizo completo.

Os meses consideraranse de 30 días naturais. A puntuación reducirase proporcionalmente en caso deservizos prestados a tempo parcial. Non se computarán as fraccións inferiores a un mes.

Os extremos anteriores acreditaranse mediante copia compulsada dos contratos de traballo inscritos no Servizo Público de Emprego aos que deberá achegarse en todo caso, certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social ou certificado de empresa.

Estes documentos poderán ser substitutos por unha certificación de servizos expedida polo órgano competente da Administración Pública sempre que quede acreditado de forma clara e expresa a ocupación e período traballado.

De non presentarse a documentación acreditativa destes méritos ou se presentase outra diferente á aquí referida, a puntuación neste apartado será cualificada como de 0 puntos.

8.2.-FORMACIÓN PROFESIONAL.

- Por estar en posesión do certificado de aptitude pedagóxica (CAP), título de especialización didáctica (TED), ou master específico a tal fin: 1 punto.

- Por asistencia a cursos de formación complementaria en materias directamente relacionadas co posto a cubrir e coa informática en xeral, concederase ata un máximo de 5 puntos con arranxo á seguinte escala:

- ata 20 horas: 0,15 puntos por curso
- de 21 a 40 horas: 0,20 puntos por curso
- de 41 a 100 horas : 0,25 puntos por curso
- de 101 a 250 horas: 0,50 puntos por curso
- de 251 a 500 horas: 1 punto por curso
- de máis de 500 horas: 1,5 puntos por curso.

Os cursos acreditaranse mediante copia compulsada do correspondente diploma no que debe constar a duración do curso en horas e como mínimo o título do mesmo, ou ben certificación expedida polo organismo que o impartiu no que se fagan constar os mesmos datos.

Os cursos que, a xuízo do Tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán puntuados.

Tampouco se valorarán aqueles cursos nos que so algún dos módulos que o compoñen estea relacionado co posto ao que se pretende optar nin as xornadas, seminarios ou congresos.

8.3.-COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO.-

Celga 5: 0,25 puntos.

Curso de linguaxe administrativa galega nivel básico:0,50 puntos.

Curso de linguaxe administrativa galega nivel intermedio/avanzado: 1 punto.

En caso de acreditar máis dun grao de coñecemento, só se computará o de maior puntuación.

8.4.- Por estar en posesión de carné de conducir tipo B1: 1 punto.

Ningún mérito poderase utilizar para puntuar en máis dun apartado.

8.5- ENTREVISTA CURRICULAR.

A entrevista persoal dirixirase a apreciar a adecuación entre os méritos dos aspirantes e o perfil do posto de traballo a ocupar. Na mesma valoraranse as habilidades de comunicación, atención, capacidade e uso de técnicas de escoita activa, grao de iniciativa persoal responsabilidade e resolubilidade, a meticulosidade no traballo e o carácter innovador e emprendedor: ata 3 puntos.

Serán excluídos do proceso selectivo os/as aspirantes que non comparezan.

9.- LUGAR, DATA E CELEBRACIÓN DA ENTREVISTA.

Determinarase polo Tribunal unha vez que remate o prazo de presentación de instancias, facéndose público no mesmo anuncio que a lista provisional de admitidos ao proceso.

10.- CUALIFICACIÓN FINAL.

A cualificación final de cada aspirante virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos diversos apartados da fase de concurso, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados/as.

Unha vez fixadas as cualificacións finais, o Tribunal publicará na sede electrónica (<https://burela.sedelectronica.es>) e no Taboleiro de Edictos do Concello a relación dos/das aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde de puntuación.

En caso de empate na puntuación final, acudirase para resolvelo á puntuación obtida nos apartados do baremo pola orde na que figuran na base 8ª.

O Tribunal establecerá unha lista de reserva cos aspirantes que teñan superado o proceso e por rigoroso orde de puntuación, para cubrir as vacantes que se poidan producir antes da sinatura ou durante o prazo de duración do contrato.

Na citada lista figurarán os/as aspirantes pola orde de puntuación acadada.

11. - PROPOSTA DE SELECCIÓN.

Rematadas as probas o Tribunal aprobará a relación de aspirantes en orde de maior a menor puntuación total, propoñendo ao Sr. Alcalde para a súa contratación ao/á aspirante que encabece dita relación, sen que poidan ser propostos máis aspirantes que postos a cubrir.

As propostas de selección que contraveñan este límite serán nulas de pleno dereito.

A proposta publicarase na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello.

12.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

No prazo de 5 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da proposta de selección na forma sinalada na base 11ª (prazo que poderá ampliarse cando os seleccionados acrediten que non puideron presentar algún documento por causas alleas á súa vontade), os/as aspirantes propostos/as presentarán con anterioridade á sinatura do contrato a documentación acreditativa dos requisitos expresados na Base 3ª:

- Fotocopia do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de estranxeiros, debidamente compulsados por ambos os dous lados.
- Fotocopia compulsada do título académico esixido.
- O apartado e) mediante a presentación de Certificado médico para o efecto.

- Os apartados f) e g) con declaración xurada para o efecto.

Igualmente aportarase fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e certificación do número de conta bancaria.

Se o/a aspirante non presentase a documentación ou do exame da mesma se infira que carece dalgún dos requisitos relacionados na Base 3ª, non poderá ser contratado e perderá tódolos seus dereitos, sen prexuízo das responsabilidades en que houbese podido incorrer.

No caso se presentarse a documentación a través da sede electrónica do Concello de Burela admitirase que se acredite mediante a achega de copia auténtica (cos requisitos e conforme ao establecido no artigo 27 da Lei 39/2015, do 2 de outubro), documento electrónico orixinal ou que conteña un código xerado electronicamente ou outro sistema de verificación que permita contrastar a autenticidade da copia mediante o acceso aos arquivos electrónicos do órgano ou organismo público emisor.

13.- RESOLUCIÓN E CONTRATACIÓN .

Á vista da proposta do Tribunal e constatado que os/as aspirantes acreditaron os requisitos esixidos para acceder a praza que se convoca, o Alcalde resolverá o procedemento selectivo decidindo a contratación como persoal laboral con contrato temporal.

Ata que non se formalice o contrato, o/a aspirante proposto/a non terá dereito a percibir cantidade económica algunha.

14.- DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.

O Tribunal poderá resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destas.

15.- RECURSOS.

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán os/as interesados/as interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Burela, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación segundo o previsto nestas bases ou directamente recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

16.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os/as interesados/as autorizan ao Concello de Burela á publicación no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello dos datos persoais que consten no expediente da selección e que sexa necesario publicalos de conformidade con estas bases. A presentación da documentación requirida para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para publicar a información nos termos indicados.

Burela, 8 de marzo de 2019.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 0702

MONDOÑEDO

Anuncio

Por medio da presente publícanse as bases reguladoras prorrogadas e convocatoria da Fase XIII de subvencións para a rexeneración e renovación urbana na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Mondoñedo e barrios históricos de San Lázaro e os Muíños, aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local deste Concello, de 7 de marzo de dous mil dezanove.

En Mondoñedo, a sete de marzo de 2019.- A ALCALDESA. María Elena Candia López

PRORROGA DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A ÁREA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN DO CASCO HISTÓRICO DE MONDOÑEDO E BARRIOS HISTÓRICOS DE SAN LÁZARO E OS MUÍÑOS DOS CONVENIOS PRORROGADOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I. En desenvolvemento dos acordos de comisión bilateral asinados entre o Ministerio de Fomento do Goberno de España, o Instituto Galego da Vivenda e Solo, dependente da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia e o Concello de Mondoñedo, polo que se asinaron os acordos da comisión bilateral relativo a Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Casco Histórico de Mondoñedo (Lugo) Comunidade Autónoma de Galicia en datas de 14 de marzo de 2015 e de 27 de outubro do 2015 para a anualidade 2015 .

II. Con data 31 de decembro de 2016 remataba a vixencia dos citados acordos da Comisión Bilateral pero no boletín Oficial do Estado número 298 do 10 de decembro de 2016 publicouse o Real Decreto 637/2016 de 9 de decembro polo que se prorroga durante un ano o citado Plan Estatal 2013-2016

II. Os programas de actuación subvencionados abranguen a rehabilitación de edificios nos seus elementos comúns. Con eles téntase estimular a rehabilitación integral dos ámbitos territoriais delimitados nas ARRUs, tanto na súa dimensión física como no da súa necesaria revitalización social, económica e cultural.

III. Con carácter xeral, poderán acollerse ás subvencións previstas nestas bases aquelas actuacións de rehabilitación de inmóbeis que se atopen situados dentro das ARRUs e que sexan conformes ás condicións e limitacións establecidas normativamente.

As solicitudes de intervención e as contías máximas das subvencións establécense tentarán incentivar as actuacións integrais nos edificios de xeito que se produza unha mellora das súas condicións de accesibilidade, con supresión de barreiras arquitectónicas, estanqueidade, seguridade e eficiencia enerxética.

IV. Na redacción destas bases tívose en conta o disposto na vixente Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, aplicábel ás entidades que integran a Administración Local, e na Lei de Galicia 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia, en tanto que normas reguladoras das bases de concesión das subvencións.

1. Obxecto da convocatoria

Estas bases teñen por obxecto regular a concesión das subvencións destinadas a financiar os gastos derivados das actuacións de rehabilitación dos edificios e vivendas dentro do ámbito definido da Área de Rexeneración e Renovación Urbanas do Casco Histórico de Mondoñedo e Barrios Históricos de San Lázaro e Os Muíños, con cargo ós convenios asinados polo Concello para tal obxecto, no marco do Plan Estatal de Fomento do Alugueiro de Vivendas, a Rehabilitación Edificatoria, e a Rexeneración e Renovación Urbanas 2013-2016 o cal se prorroga segundo Real Decreto 637/2016 de 9 de decembro.

A convocatoria realízase polo disposto nos acordos prorrogados da Comisión Bilateral celebrada o 14 de marzo e 27 de Outubro do 2015, relativo ás Áreas de Rexeneración e Renovación Urbana do Casco Histórico de Mondoñedo e Barrios Históricos de San Lázaro e Os Muíños, Comunidade Autónoma de Galicia. Plan Estatal de Fomento do Alugueiro de Vivendas, a Rehabilitación Edificatoria, e a Rexeneración e Renovación Urbanas 2013 - 2016.

A concesión da subvención, a través desta convocatoria será en réxime de concorrencia non competitiva.

2.- Beneficiarios das subvencións

1.- Poderán ser beneficiarios das axudas as que reúnan os requisitos establecidos nos artigos 6.2 e 28.1 do Real Decreto 233/2013.

Os propietarios/as de vivendas, os propietarios/as únicos de edificios de vivendas, as comunidades de propietarios, as agrupacións de comunidades de propietarios e os consorcios e entes asociativos de xestión.

Ademais os edificios, incluídos nun ámbito, deben contar co correspondente Informe de avaliación do edificio, con anterioridade á formalización da petición da correspondente axuda. Este informe é preciso sempre que sexa necesario segundo a Ordenanza de Inspección Técnica de edificacións adaptada á vixente lexislación en materia de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas e o establecido na disposición transitoria primeira, 1 b) da Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana e no artigo 21.1.a) do Real Decreto 233/2013.

Cando a execución da actuación corresponda a varios beneficiarios, a axuda se distribuirá en proporción ao custo asumido por cada un deles.

2.- Non poderán obter a condición de persoa beneficiaria aqueles en que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia ou no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións.

3.- As persoas interesadas ao formalizar unha solicitude, sométense voluntariamente ao cumprimento das condicións que cada concello estableza na convocatoria así como aos demais requisitos que se establezan nesta orde e demais normativa reguladora

3.- Obrigas das persoas beneficiarias:

As obrigas dos beneficiarios serán as seguintes:

1. Realizar as actuacións de rehabilitación para as cales se establecen as axudas no punto 4 da convocatoria
2. Comunicar ó órgano instructor calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento das subvencións que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.
- 3.- Someterse ás actuacións de comprobación e inspección que o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Mondoñedo consideren pertinentes durante a execución da actuación.

4.- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

5.- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

6.- Cubrir os datos necesarios para a tramitación da axuda que sexan esixibles segundo o acordo de financiamento específico asinado.

7.- As demais obrigas recollidas na lexislación vixente de aplicación a presente convocatoria en especial as contempladas nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 do decembro, xeral de subvencións, e da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4.- Actuacións subvencionables

De acordo co disposto polo artigo 26.1.a) do Real Decreto 233/2013, son subvencionables a execución de obras ou traballos de mantemento e intervención en edificios e vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos á normativa vixente.

Poderán acollerse ás axudas as actuacións xa iniciadas pero que non estean finalizadas a data da presentación das solicitudes.

Poderán incluírse os honorarios dos profesionais, o custo de redacción de proxectos, informes técnicos e certificados precisos, así como os gastos derivados da tramitación administrativa, sempre que todos eles estean debidamente xustificadas, excluídos impostos, taxas e tributos.

5.- Procedemento de concesión.

1. O prazo de presentación de solicitudes de axudas comezará o día seguinte da publicación destas bases de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo

2. O procedemento é mediante concorrencia non competitiva, de acordo co establecido no artigo 19.1 da Lei de Galicia 9/2007 de subvencións de Galicia.

3. A instrución do procedemento corresponderá a Oficina de Rehabilitación, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deberá formularse a proposta de resolución.

4. O prazo máximo para resolver a convocatoria será por tempo indefinido ata esgotar os fondos previstos para este convenio asinado.

5. A resolución dos expedientes corresponderá á Xunta de Goberno Local que é asemade o órgano que ten a competencia para autorizar o correspondente gasto, tras a proposta formulada polos servizos de rehabilitación.

6. Fases do procedemento.

1. Achegadas as solicitudes coa documentación completa procederase a súa verificación documental e de ser correcta procederase a informar polos servizos de rehabilitación para formalizar proposta de subvención.

2. Unha vez completa e lista toda a documentación e feitos os informes pertinentes trasladadase a delegación provincial do IGVS de Lugo para obter a cualificación provisional.

3. Á vista da cualificación provisional, previa proposta de resolución do servizo instrutor. Esta aprobación inicial terá a condición de acto de trámite.

4. No momento de elevar o expediente ao órgano competente para a súa aprobación, se as obras, visitadas e supervisadas previamente polos técnicos do servizo, estivesen cualificadas definitivamente, acordarase samente a aprobación definitiva das axudas, sen perxuízo de demora-lo recoñecemento do dereito ó abono da subvención ate o exercicio orzamentario ó que se teña adscrita a actuación.

5. Unha vez recibida a comunicación da cualificación provisional, e antes do escomezo das obras, o/a solicitante deberá colocar no exterior da vivenda ou edificio o cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño que se estableza no manual de imaxe corporativa do Plan Vivenda 2013 – 2016 o cal deberá permanecer até o cobro total das axudas solicitadas.

7.- selección dos adxudicatarios.

O Concello de Mondoñedo, en función da dispoñibilidade de orzamento, do número máximo de axudas que se poidan conceder por razóns do axuste económico do número de actuacións a cumprir seleccionará as actuacións subvencionadas por concorrencia non competitiva.

8.- Orzamento protexido

Por orzamento protexibel entenderase o custo máximo da execución da actuación a executaren. Comprenderá o orzamento xeral, e dicir, será o resultado de lle adicionar ao orzamento de execución material o beneficio

industrial e os gastos xerais, máis os custos dos honorarios facultativos e de xestión por razón das actuacións. Non formarán parte daquel ningún tipo de taxas, impostos e outros ingresos de dereito público.

Só se considerarán actuacións protexíbeis aquelas que contén cun orzamento protexíbel mínimo por vivenda rehabilitada ou que participe nos custos de rehabilitación dun edificio de 1.000 €.

9.- Contía das axudas económicas.

A contía máxima das subvencións determinarase atendendo ó custo subvencionable da actuación, que incluíra no seu caso, os custos desagregados segundo os tipos de actuacións previstos no artigo 26 do Real Decreto 233/2013 e das presentes bases e non poderá exceder do 35 % do custo subvencionable da actuación.

Por cada vivenda obxecto de rehabilitación establécese unha axuda máxima unitaria de 11.000 euros. A contía máxima das axudas calcularase multiplicando dita suma polo número de vivendas obxecto de rehabilitación en cada actuación.

10.- Compatibilidade das axudas.

Estas axudas son compatíbeis con calquera outra, desta ou doutras administracións, coas limitacións que se establezan nas distintas normativas reguladoras desas axudas, a excepción das subvencións procedentes do Programa de Fomento da Rehabilitación Edificatoria contidas no Capítulo V do Real decreto 233/2013 pero a suma de todas elas non poderá superar, en ningún caso, o custo total da actuación concreta.

11.- Crédito orzamentario e contía

As subvencións previstas nesta ordenanza terán as limitacións que a normativa aplicábel prevea e as que esteñan establecidas no proceso de rehabilitación ou poidan establecerse durante a vixencia dos distintos convenios prorrogados

As subvencións outorgaranse con cargo ás partidas orzamentarias que se incluíron nos orzamentos para a anualidade 2015-2016 co nome e coa dotación orzamentaria máxima seguinte, segundo as aportacións comprometidas no Acordo de data 14 de marzo de 2015 e 27 de outubro de 2015 entre o Ministerio de Fomento, o IGVS da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia e o Concello de Mondoñedo en materia de actuacións na ARRU de Mondoñedo, que se prorrogan e que se recollen no cadro seguinte:

PARTIDA	Mº FOMENTO 2015€	TOTAL
CONVENIO MINISTERIO FOMENTO – IGVS ARI CASCO HISTORICO 13ª FASE REHABILITACIÓN REFINANCIADO	137.072,26€	137.072,26€
CONVENIO MINISTERIO FOMENTO – IGVS ARI CASCO HISTORICO -14ª FASE	5.944,93€	5.944,93€
TOTAL		143.017,19€

A concesión das subvencións para tódolos exercicios económicos, quedan condicionadas e limitadas á existencia de partida e de crédito orzamentario dispoñible en cada unha das anualidades as que se imputen as actuacións a subvencionar.

Poderanse incrementar as cuantías económicas en función da disponibilidade orzamentaria dos fondos que libre o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia.

A contía destas axudas poderá ser modificada ao alza cando concurran as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Ley 9/2007, de 13 de xuño de subvencions de Galicia.

12. Inspección Técnica previa e Servizos de asistencia técnica

O petionario/a poderá solicitar, mediante impreso normalizado, unha visita de inspección técnica previa ao inicio das obras subvencionábeis. Alén diso, deberá achegar a información requirida e dar a súa conformidade ás obras inspeccionadas para as que se solicitan as axudas. A visita técnica será efectuada polos técnicos da Oficina Municipal de Rehabilitación, para comprobar o estado da edificación e asesorar ao petionario/a sobre as posibilidades de mellora e rehabilitación do inmóbel.

Realizada a visita de inspección e o informe que define previamente as obras para realizar, o particular poderá solicitar a Oficina Municipal de Rehabilitación, a colaboración para a redacción da documentación técnica precisa para a obtención de licenza de obras ou actuación comunicada eficaz. En ningún caso istacolaboración significará asumir o encargo de redacta-los documentos técnicos citados.

Estas solicitudes de colaboración serán aceptadas, en función dos medios e recursos dispoñíbeis, nos seguintes casos:

- a) Obras menores que non requiran de proxecto técnico.
- b) Outras solicitudes consideradas de interese xeral.

En todo caso, tanto a redacción de documentación para a obtención de licenza ou actuación comunicada eficaz coma a dirección facultativa das obras serán realizadas por técnicos con capacitación profesional e habilitación legal abundas e axeitadas ás características das obras que se deban acometer contratados directamente polos posibles beneficiarios das subvencións.

13.- Prazo de presentación das solicitudes:

Poderán presentarse as solicitudes por tempo indefinido ata esgotar os fondos previstos para este convenio

14.- Aprobación inicial das obras

O Concello, no marco do procedemento da convocatoria de axudas, presentada a solicitude, revisará a documentación presentada, e logo dos requirimentos que considere oportunos para completar ou aclarar a documentación recibida, denegando as solicitudes que non cumpran os requisitos, elaborará unha proposta de cualificación provisional que remitirá a Área Provincial do IGVS en Lugo.

A proposta de cualificación provisional conterá a identificación da persoa beneficiaria, o tipo de actuación, o orzamento protexido, o prazo de execución e a subvención máxima que se concederá e virá acompañada dunha certificación municipal do cumprimento dos requisitos do Plan 2013-2016, referida tanto ás actuacións, aos edificios e vivendas como ás persoas beneficiarias.

A cualificación provisional é requisito necesario para acadar o financiamento previsto no acordo específico.

15.- Execución das obras

O solicitante promotor das obras daralle conta á Oficina Municipal de Rehabilitación da data do comezo das obras.

As obras deberán executarse no prazo máximo establecido na cualificación provisional das axudas, é en todo caso deberán estar rematadas antes do 30 de decembro do 2017, data que poderá ser prorrogada segundo o acorde o Ministerio de Vivenda.

As obras deberán axustarse ás prescricións contidas no proxecto técnico ou documentación que serviu de base para a concesión inicial das axudas, e non se admitirán máis modificacións na súa execución que as autorizadas por proposta da Dirección Facultativa, pola Oficina de Rehabilitación e, en todo caso, deberán estar autorizadas pola correspondente licenza ou comunicación previa / declaración responsable, orde de execución e autorizacións sectoriais para a execución das obras.

A Oficina Municipal de Rehabilitación poderá en todo caso supervisar as obras co obxecto de comprobar o correcto cumprimento das condicións a que estean sometidas en virtude das axudas concedidas.

Durante o período de execución das obras, o promotor deberá colocar ó cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño proposto pola Oficina de Rehabilitación, elaborado de acordo cos convenios asinados, e até o cobro total de axudas solicitadas.

16.- Remate das obras e Cualificación Definitiva

Os promotores das actuacións comunicarán o seu remate de acordo co previsto na cualificación provisional por medio da documentación acreditativa da finalización de obra, e en todo caso con data anterior ao 30 de novembro do 2017, de xeito que o Concello teña tempo suficiente para realizar as seguintes comprobacións con anterioridade a dita data:

1. Que as actuacións foron executadas dentro dos prazos e de acordo coa cualificación provisional.
2. Que para a súa execución se contan con todas as autorizacións necesarias.
3. As facturas cotexadas e documentos bancarios de pagamento das anteditas actuacións deberán estar pagadas pola persoa beneficiaria que figure na cualificación provisional.

As facturas cotexadas emitidas pola empresa adxudicataria e xustificación de pagos mediante transferencia bancaria, talón ou calquera outro medio regulado pola Lei 38/2003 xeral de subvencións e Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Non se admitirán os pagos nin os ingresos en efectivo.

Ademais as facturas reunirán en todo caso os seguintes requisitos: nome da persoa beneficiaria que figure na cualificación provisional, razón social, enderezo e NIF de quen emite a factura, IVE desagregado, nome, enderezo, NIF do pagador titular da cualificación provisional e forma de pago. Deberá quedar claramente descrito o produto vendido ou o servizo prestado.

4. No caso de ser obrigatorio deberá achegarse a certificación enerxética do edificio no que se reflicta unha mellora da cualificación enerxética total do edificio.

O Concello elaborará unha proposta de cualificación definitiva que conterá a identificación da persoa beneficiaria, o tipo de actuación, o orzamento xustificado e a proposta de subvención final que se aboará e virá acompañada dunha certificación do Concello do cumprimento dos requisitos do Plan 2013-2016. Prorrogado para o plan 2018-2021

A cualificación definitiva supón a xustificación da execución de todas as actuacións cualificadas.

Será causa da denegación da cualificación definitiva a non execución das actuacións ou a súa execución fóra de prazo, así como o incumprimento por parte do/a promotor/a de calquera requisito para obter a condición de persoa beneficiaria.

17.- Pagamento das subvencións

A persoa titular da Dirección Xeral do IGVS procederá a resolver o pagamento ao Concello atendendo ao previsto nos correspondentes acordos específicos asinados no seo da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan 2013-2016.

O Concello aboará as correspondentes subvencións aos/ás promotores/as que resulten persoas beneficiarias e xustificarán perante o IGVS os pagamentos realizados, para a súa comunicación ao Ministerio de Fomento.

Procederá á minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento xustificado teña unha contía inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión e sempre e cando se acredite que a actuación concreta está totalmente executada.

As achegas estarán supeditadas ao efectivo financiamento por parte do Ministerio de Fomento, de acordo co estipulado no convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia.

O abono realizarase pola contía que resulte de aplicar o disposto no punto 7 da convocatoria ao custo final efectivamente xustificado das actividades subvencionadas.

Con carácter previo ao abono das subvencións, todas as persoas beneficiarias deberán presentar:

- a) Certificado da titularidade a nome do beneficiario da conta bancaria que designe para o pagamento.
- b) En caso de contías inferiores ou iguais a 3.000€: declaración xurada do beneficiario de estar ao corrente dos pagos da Seguridade Social e Facenda (Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia e administración local)
- c) En caso de contías superiores a 3.000€ : Certificados de que o beneficiario está ao corrente dos pagos da Seguridade Social e da Axencia Tributaria Galega. Autorizacións ao Concello para consultar os datos persoais de estar ao corrente coa administración Tributaria Estatal e Local.

18.- Causas de denegación e perda das axudas.

1.- Sen prexuízo das posibles incompatibilidades que legalmente foran aplicables en concorrencia coas axudas desta convocatoria, en ningún caso as subvencións concorrentes poderán ser de tal contía, que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actuación subvencionada, de conformidade co disposto polo artigo 17º.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

2.- Segundo o artigo 13, da Orde do 9 de marzo de 2015, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

3.- Consonte o artigo 14, da Orde do 9 de marzo de 2015:

a)- O incumprimento ou falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da subvención, comportará, ademais das sancións que poidan corresponder, o reintegro da subvención percibida incrementada co xuro legal correspondente desde o seu pagamento máis un 25 %, segundo establece o artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, salvo que a Lei de orzamentos do Estado estableza outro diferente.

b)- En particular será causa de reintegro a non comunicación ao órgano instrutor de calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.

c).- Tamén serán motivo de reintegro os supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

d)4.- O procedemento para o reintegro será o establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4.- Tamén serán causas de denegación ou revogación das subvencións, ademais da de non reunir as condicións indicadas nos puntos 2 e 4 da convocatoria, as seguintes:

a) Incorrer en falsidade nos datos tidos en conta na selección da axuda reflectido no apartado 5 desta convocatoria.

b) Acometer infraccións urbanísticas graves ou moi graves nas obras de rehabilitación subvencionadas.

c) O incumprimento dos prazos para a execución das obras ou para a xustificación dos gastos.

- d) A incorrecta execución das obras de rehabilitación apreciada polos técnicos da Oficina de Rehabilitación.
- a) O impedimento ou obstrución grave, por parte do promotor ou o contratista, á supervisión das obras por parte dos técnicos da Oficina de Rehabilitación.
- f) Calquera outra que establezan as normativas vixentes.

19.- Tratamento de datos de carácter persoal.

Os datos das persoas solicitantes serán incorporados aos ficheiros municipais, cuxa finalidade é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións reguladas por estas bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación das actividades subvencionadas e demais actuacións previstas na normativa legal para a conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Oficina Municipal de Rehabilitación do Concello de Mondoñedo, ante a cal se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

De conformidade co disposto polo artigo 14.1.ñ) da Lei de Galicia 9/2007 de subvencións de Galicia, infórmase aos interesados da existencia do Rexistro Público de Subvencións.

20.- Normativa de aplicación.

Para todo o non previsto nestas bases será de aplicación:

- a) O Real decreto 233/2013, do 5 de abril, polo que se regula o Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016.
- b) O Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan directrices para o desenvolvemento do Plan estatal 2013-2016, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) A Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- d) A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- b) A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- c) Lei 8/2013 de 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- d) O Convenio de colaboración asinado o 5 de setembro de 2014 entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016.
- a) A Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 9 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de Rexeneración e Renovación Urbana do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016.
- b) Os Acordos de Comisión Bilateral asinados entre o Ministerio de Fomento do Goberno de España, o Instituto Galego da Vivenda e Solo, dependente da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia e o Concello de Mondoñedo en data 14 de marzo e 27 de outubro de 2015 para o financiamento das distintas ARRUs declaradas no término municipal.
- c) Real Decreto 7/2015, 30 de outubro, texto refundido da ley do solo e rehabilitación urbana.

R. 0703

RIBADEO

Anuncio

ORDENANZA P1 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RESIDENCIA NO HOSPITAL-ASILO DE SAN SEBASTIÁN E SAN LÁZARO DO CONCELLO DE RIBADEO

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión ordinaria celebrada o día 13/03/2019, acordou provisionalmente a modificación do artigo 4 da ORDENANZA P1 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO

DE RESIDENCIA NO HOSPITAL-ASILO DE SAN SEBASTIÁN E SAN LÁZARO DO CONCELLO DE RIBADEO, relativo á contía dos prezos a aboar.

En cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se non se presentan reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e procederase á súa publicación, xunto co texto íntegro da ordenanza no BOP, entrando en vixencia de acordo co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local.

Ribadeo, a 14 de marzo de 2019.- ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 0722

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 05/2019. SUPLEMENTO DE CRÉDITO E BASES EXECUCIÓN ORZAMENTO. SUBVENCIÓN ACISA

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión que se levou a cabo o día 13/03/2019, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 05/2019 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito financiado co remanente líquido de tesourería e das bases de execución, para financiar un incremento da subvención nominativa prevista para un beneficiario, pola cantidade de 10.000,00 euros.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Ribadeo, 14 de marzo de 2019.- ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

APROBACIÓN INICIAL. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 06/2019. CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA FINANCIAR RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL 01/2019

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión que se levou a cabo o día 13/03/2019, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 06/2019 do orzamento en vigor, na modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito financiado co remanente líquido de tesourería, para financiar o recoñecemento extraxudicial de crédito 01/2019, pola cantidade de 106.574,42 euros.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Ribadeo, a 14 de marzo de 2019.- ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA

APROBACIÓN INICIAL. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 07/2019. SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA INVERSIÓN FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión que se levou a cabo o día 13/03/2019, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 07/2019 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito financiado co remanente líquido de tesourería, para financiar inversións que poderían ter a consideración de financeiramente sostibles, pola cantidade de 300.000,00 euros.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Ribadeo, 14 de marzo de 2019.- ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

APROBACIÓN INICIAL. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 08/2019. SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA RECONSTRUCCIÓN DO TERREO DE XOGO DO ESTADIO MUNICIPAL “PEPE BARRERA”

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión que se levou a cabo o día 13/03/2019, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 08/2019 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito financiado co remanente líquido de tesourería, para financiar a reconstrucción do terreo de xogo do estado municipal “Pepe Barrera”, pola cantidade de 367.000,00 euros.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Ribadeo, a 14 de marzo de 2019.- ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 0723

VILALBA

Anuncio

Aprobados provisionalmente pola Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada o día 1/03/2019 o **“Padrón de taxas polas reservas ou aproveitamentos especiais de espazo de uso público (vaos)” correspondente ó ano 2019**, exponse ó público nas oficinas do Concello durante o **prazo de 15 días**, contados a partir do seguinte ó da súa publicación no BOP para os efectos de revisión ou de calquera reclamación, entendéndose aprobados definitivamente se non se producisen.

O **período voluntario** para o pago da dita taxa en fíxase **entre os días 15 de marzo e 15 de abril do 2019**, e unha vez finalizado este, os débitos non satisfeitos pasarán á vía executiva de apremio e procederase segundo o que se establece no Regulamento Xeral de Recadación.

Vilalba, 13 de marzo de 2019.- O alcalde. Agustín Baamonde Díaz.

R. 0729

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBERNO

Anuncio

Dado que o Concello de **BALEIRA (LUGO)** non elixiu xuíz de paz **SUSTITUTO** para a dita localidade, realízase unha convocatoria para que, no prazo de 15 días computados a partir da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, todos cantos teñan interese en acceder ó devandito cargo dirixan unha instancia á presidencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na Coruña facendo constar o seguinte:

- 1º) Nome, apelidos, DNI (fotocopia), idade e enderezo.
- 2º) Se desenvolveron o cargo de xuíz de paz, e se o fixeron como titular ou como substituto.
- 3º) Méritos que estimen oportunos.
- 4º) Profesión actual.

Todo isto faise público, en cumprimento do acordo da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para coñecemento de todos os interesados en solicitar a praza antedita.

A Coruña, 1 de marzo de 2019.- A SECRETARIA DE GOBERNO. Concepción Otero Piñeiro.

R. 0705

Anuncio

Dado que o Concello de **AS NOGAIS (LUGO)** non elixiu xuíz de paz **SUSTITUTO** para a dita localidade, realízase unha convocatoria para que, no prazo de 15 días computados a partir da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, todos cantos teñan interese en acceder ó devandito cargo dirixan unha instancia á presidencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na Coruña facendo constar o seguinte:

- 1º) Nome, apelidos, DNI (fotocopia), idade e enderezo.
- 2º) Se desenvolveron o cargo de xuíz de paz, e se o fixeron como titular ou como substituto.
- 3º) Méritos que estimen oportunos.
- 4º) Profesión actual.

Todo isto faise público, en cumprimento do acordo da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para coñecemento de todos os interesados en solicitar a praza antedita.

A Coruña, 1 de marzo de 2019.- A SECRETARIA DE GOBERNO. Concepción Otero Piñeiro.

R. 0706

XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO

Anuncio

DON SINESIO NOVO FERNANDEZ, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 2 de Lugo, HAGO SABER:

Que en el procedimiento 396/2017 de este Juzgado de lo Social, seguidos a instancia de D. OMAR BELAOUJA contra la empresa AUTOMEDKAR SLU, FONDO DE GARANTIA SALARIAL, sobre ORDINARIO, se ha dictado la siguiente resolución, cuya parte dispositiva se adjunta:

“Que estimando la demanda formulada por D. OMAR BELAOUJA, frente a la entidad AUTOMEDKAR SLU, debo condenar y condeno a la entidad demandada a abonar al demandante la cantidad de 4161,45 euros a la que será de aplicación un recargo por mora del 10% anual. Todo ello, sin perjuicio de la responsabilidad que al FONDO DE GARANTÍA SALARIAL corresponda asumir dentro de los límites legales.

Notifíquese esta sentencia a las partes y adviértase de que no es firme, ya que contra la misma cabe interponer recurso de SUPPLICACIÓN para ante la SALA DE LO SOCIAL DEL TRIBUNAL SUPERIOR DE JUSTICIA DE GALICIA, debiendo en su caso, anunciar el propósito de hacerlo dentro de los cinco días siguientes a la notificación de la misma, por conducto de este Juzgado, bastando para ello la mera manifestación de la parte o de su abogado o representante al hacerle la notificación de la sentencia, de su propósito de entablar el recurso, pudiendo también anunciarse el recurso por comparecencia o por escrito de las partes o de su abogado o representante ante este Juzgado y en el indicado plazo y, si fuese la empresa demandada quien lo hiciese, acreditando, al anunciar el recurso, haber consignado la cantidad objeto de la condena en la cuenta de “depósitos y consignaciones” abierta a nombre de este Juzgado de lo Social en la Entidad Banco Santander (antes Banesto), oficina principal. Cta. núm. 2323000065039617, pudiendo sustituirse la consignación en metálico por el aseguramiento mediante aval bancario, en el que consta la responsabilidad solidaria del avalista. Asimismo, si fuera la empresa demandada quien intentase interponer el recurso de SUPPLICACIÓN, deberá consignar el depósito de 300,00 euros, en la cuenta corriente denominada “recurso de suplicación” que, con el núm. 2323000065039617 mantiene este Juzgado de lo Social en la misma Entidad Bancaria, debiendo el recurrente entregar en la Secretaria del Juzgado el correspondiente resguardo al tiempo de interponer el recurso de suplicación.

Se advierte además a las partes que deberán hacer constar en los escritos de interposición del recurso y de impugnación, en su caso, un domicilio en la sede del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, a efectos de notificaciones, dando cumplimiento a lo dispuesto en el artículo 198 de la Ley reguladora de la jurisdicción social.

Así por esta mí sentencia, de la que se llevará testimonio a los autos, lo pronuncio, mando y firmo.”

Y para que sirva de notificación en legal forma a **AUTOMEDKAR, SLU**, en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En Lugo, a cuatro de marzo de dos mil diecinueve.- **EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 0707

XULGADO DO SOCIAL N.º 3 LUGO*Anuncio*

DON RAFAEL GONZÁLEZ ALIÓ, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 3 de LUGO, HAGO SABER:

Que en el procedimiento de **EJECUCIÓN DE TÍTULOS JUDICIALES Nº144/2018** de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de **DON IVÁN TEIJEIRO PRIETO** contra la **EMP. "LUTYSMA, S.L."**, sobre **DESPIDO**, se ha dictado **DECRETO** de fecha 04-03-2019, cuya parte dispositiva es del tenor literal siguiente:

"Acuerdo:

- a) Declarar a la empresa ejecutada "LUTYSMA, S.L.", en situación de INSOLVENCIA por importe de 42.551,23 EUROS**, insolvencia que se entenderá, a todos los efectos, como provisional.
- b) Hacer entrega de certificación a la parte ejecutante para que surta efectos ante el Fondo de Garantía Salarial**, una vez sea firme la presente resolución.
- c) Archivar** las actuaciones previa anotación en el Libro correspondiente, y sin perjuicio de continuar la ejecución si en lo sucesivo se conocen nuevos bienes del ejecutado.

Notifíquese a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas** hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes** y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Contra la presente resolución cabe **recurso directo de revisión** que deberá interponerse ante quien dicta la resolución en el plazo de **TRES DÍAS** hábiles siguientes a la notificación de la misma con expresión de la infracción cometida en la misma a juicio del recurrente, art. 188 LJS. El recurrente que no tenga la condición de trabajador o beneficiario de régimen público de la Seguridad Social deberá hacer un depósito para recurrir de 25 euros, en la cuenta nº 2324/0000/64/0144/18 en el BANCO SANTANDER debiendo indicar en el campo concepto, "recurso" seguida del código "31 Social-Revisión de resoluciones Secretario Judicial". Si el ingreso se hace mediante transferencia bancaria deberá incluir tras la cuenta referida, separados por un espacio con la indicación "recurso" seguida del "31 Social-Revisión de resoluciones Secretario Judicial". Si efectuare diversos pagos en la misma cuenta deberá especificar un ingreso por cada concepto, incluso si obedecen a otros recursos de la misma o distinta clase indicando en el campo de observaciones la fecha de la resolución recurrida utilizando el formato dd/mm/aaaa. Quedan exentos de su abono en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos."

Y para que sirva de **NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a la EMPRESA "LUTYSMA, S.L."**, en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

LUGO, cuatro de marzo de dos mil diecinueve.- **EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 0708